

**INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 1 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE MODIFICA A INSTRUCCIÓN DO 27 DE MAIO POLA QUE SE DESENVOLVE A SEGUNDA FASE DO PROTOCOLO DE RETORNO Á ACTIVIDADE PRESENCIAL ESTABLECIDA NA RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE MAIO**

En data 13 de maio de 2020 ditouse a instrución da xerencia pola que se desenvolve a segunda fase do protocolo aprobado por resolución reitoral do 13 de maio que establece o retorno á actividade presencial na Universidade de Vigo e as medidas de prevención asociadas fronte ao COVID-19.

Examinada a evolución e situación actual da emerxencia sanitaria, valorando a demanda de prestación de servizos bibliotecarios por parte dalgúns colectivos da comunidade universitaria e unha vez contrastadas as capacidades das bibliotecas da universidade para ampliar determinadas prestacións de servizos, é polo que esta xerencia dispón:

**ÚNICO.-** Modificación do punto cuarto da instrución do 27 de maio de 2020:

O punto cuarto da instrución da xerencia do 27 de maio de 2020, pola que se desenvolve a segunda fase do protocolo de retorno á actividade presencial establecida na resolución reitoral de 13 de maio, modifícase nos seguintes termos

**CUARTO.-** Servizos autorizados en bibliotecas.

Poderán acceder ás bibliotecas da Universidade exclusivamente o PDI, PAS, alumnado de doutoramento e alumnado que estea a realizar o TFM ou o TFG.

Servizos que poden prestarse:

- Devolución de obras
- Préstamo baixo demanda, sen acceso directo aos fondos: as obras serán solicitadas polas persoas usuarias e proporcionadas polo persoal de biblioteca.
- Información bibliográfica e bibliotecaria
- Lectura e consulta, con previa cita. Terá unha limitación a un terzo da capacidade da sala, garantindo a distancia interpersoal entre usuarios/as de dous metros. Os usuarios/as terán que cumprir as medidas hixiénicas que lles indiquen.

- Calquera outro servizo que a dirección da biblioteca considere que pode prestarse cumprindo as medidas de prevención exixidas.

Para estes servizos requírese a concertación de cita previa cos responsables das bibliotecas.

A xerenta

Raquel M. Souto García

*(documento asinado dixitalmente)*